



Expte. 73136/250

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES
PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO
ABERTO DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE
RODADURA DO FIRME DA AVENIDA CLARA
CAMPOAMOR PK 3+730 A PK 4+650**

ÍNDICE

ÍNDICE

1. OBXECTO DO PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS PARTICULARES.....	3
2. NORMATIVA BÁSICA DE APLICACIÓN.....	3
3. REALIZACIÓN DOS TRABALLOS; SERVIZOS E INSTALACIÓN S AFECTADOS:.....	3
4. OCUPACIÓN DOS TERREOS.....	4
4.1. PRAZO DE EXECUCIÓN.....	4
4.2. PERSOAL E MAQUINARIA.....	4
4.3. ACEPTACIÓN DOS TRABALLOS.....	4
4.4. MEDICIÓN S.....	4
4.5. VALORACIÓN E CERTIFICACIÓN.....	5
4.6. CERTIFICACIÓN S.....	5
4.7. SEGURIDADE E SAÚDE.....	5
4.8. XESTIÓN DE RESIDUOS.....	5
5. DIRECCIÓN DAS OBRAS.....	6
5.1. INTERPRETACIÓN DO PROXECTO.....	6
5.2. ENSAIOS E ANÁLISIS DOS MATERIAIS E UNIDADES DE OBRA.....	6

1.OBXECTO DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES

O obxecto do presente Prego de Prescricións Técnicas Particulares (en adiante o PPTP) é describir os traballos e fixa-las condicións técnicas que rexerán no contrato para a execución das obras contempladas no proxecto de de "reforzo da capa de rodadura do firme da Avda. Clara Campoamor PK 3+730 a PK 4+650".

2.NORMATIVA BÁSICA DE APLICACIÓN.

Na execución deste contrato rexerán, a vixente lexislación que regula os contratos das administracións públicas, a vixente lexislación en materia de Seguridade e Saúde, prevención de riscos laborais e produción e xestión de residuos de construción e demolición, o presente PPTP e do PCAP da licitación, e o Prego de Prescricións Técnicas Particulares do Proxecto das obras obxecto do contrato (en adiante PPTPP).

Do mesmo xeito terase en conta calquera outra normativa sectorial de aplicación ó contrato, e expresamente

- **Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estradas e pontes da Dirección Xeral de Estradas (PG-3).** Orde Ministerial de 6 de febreiro de 1976. A Orde FOM/891/2004 actualiza artigos de firmes e pavimentos (BOE do 6 de abril de 2004). A Orde FOM/1382/2002 actualiza artigos de explanacións, drenaxes e cimentacións (BOE do 11 de xuño de 2002; corrección de erratas BOE 26 de novembro de 2002). A Orde FOM/475/2002 actualiza artigos de formigóns e aceiros (BOE do 6 de marzo de 2002). A Orde Ministerial de 28 de decembro de 1999 actualiza artigos de sinalización, balizamento e sistemas de contención de vehículos (BOE do 28 de xaneiro de 2000). A Orde Ministerial de 27 de decembro de 1999 actualiza artigos de conglomerantes hidráulicos e ligantes hidrocarbonados (BOE do 22 de xaneiro de 2000).
- Orde Circular **24/2008** sobre o Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estradas e pontes (PG-3). Artigos: **542-** Mesturas bituminosas en quente tipo formigón bituminoso e **543-** Mesturas bituminosas para capas de rodadura. Mesturas drenantes e descontinuas.

3.REALIZACION DOS TRABALLOS; SERVIZOS E INSTALACIÓNS AFECTADOS:

Corresponde ao Adxudicatario a obtención de todos os datos de servizos municipais e non municipais e instalacións existentes na zona dos traballos, que puideran resultar afectados. Todos os traballos de campo realizaranse adoptando as máximas precaucións para evitar ocasionar calquera dano ou afección.

É obriga do Adxudicatario avisar con suficiente antelación ás empresas de servizos, ao comezo e desenvolvemento dos traballos, requirindo cando fora preciso, a presenza de vixiantes.

A responsabilidade de todos os danos e prexuízos que se poidan producir nos referidos servizos e instalacións e as indemnizacións a que houbera lugar serán asumidos polo Adxudicatario.

4. OCUPACIÓN DOS TERREOS.

Durante o prazo de ocupación polo Contratista dos terreos do ámbito da obra e ata a recepción definitiva, será este responsable da vixilancia dos bens que neles houbera (mobiliario urbano, servizos etc).

Cando algún sector do ámbito das obras estivese catalogado como de cautela arqueolóxica, calquera movemento de terras en dito sector deberá ser autorizado pola Dirección Facultativa previa solicitude do contratista cunha semana de antelación como mínimo.

PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución das obras será o que figura no apartado 4.A das follas de especificación do contrato (FEC) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

De non fixarse explicitamente no documento administrativo de formalización do contrato, o cómputo do prazo iniciárase dende a data do acta de comprobación do replanteo, se a Administración autoriza o inicio das obras .

PERSOAL E MAQUINARIA.

O Contratista queda obrigado a aportar ás obras, a maquinaria e medios auxiliares que sexan precisos para a correcta execución daquelas nos prazos parciais e totais convidos no contrato ou programa de traballo.

Os equipos quedarán adscritos as obras durante o tempo en que se executen as unidades de obra para as que sexan precisos, non podendo ser retirados sen a autorización expresa do Director Facultativo, debendo ser reemplazados os elementos inutilizados así como os avariados sempre que o tempo de reparación destes altere o programa de traballo.

ACEPTACIÓN DOS TRABALLOS

Os Servizos Técnicos Municipais levarán a cabo o control dos traballos realizados polo Contratista, rexeitando os de defectuosa execución. **Faise especial mención a execución das xuntas lonxitudinais e transversais. Si a temperatura da franxa estendida en primeiro lugar non fora superior ao mínimo fixado na formula de traballo para o momento de finalizar a compactación, o bordo desta franxa cortarase verticalmente, deixando o descuberto una superficie plana e vertical en todo o seu espesor. Aplicarase una capa de rego de adherencia deixando romper a emulsión suficientemente. A continuación calentarase a xunta e estenderase a seguinte franxa contra ela.**

As xuntas transversais compataranse transversalmente.

MEDICIÓN.

Só se aboará ao Contratista a obra que realice, conforme aos documentos do proxecto e, no seu caso, ás ordes recibidas por escrito do Director Facultativo. Por conseguinte, non poderá servir de base para reclamacións de ningún xénero o número de unidades de obra non consignadas no proxecto nin ordeadas polo Director Facultativo.

A medición dos traballos efectuados levaranse a cabo polo Director Facultativo, estando o Contratista obrigado a auxiliar a súa realización cos medios que se lle soliciten, podendo o Contratista presenciar a realización das mesmas.

VALORACIÓN E CERTIFICACIÓN.

Para cada clase de obra adoptárase como unidade de medida a sinalada no epígrafe correspondente das medicións do proxecto. A medición da obra executada, valorarase aplicando a cada unidade o prezo unitario correspondente do orzamento ou o contraditorio que proceda, que dará lugar á certificación mensual, a cal expedirase pola Concello de Vigo nos dez días seguintes ao mes no que corresponda.

CERTIFICACIÓNS.

As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e se tramitarán polo Responsable do Contrato nos dez días seguintes ao período que correspondan.

En todo caso as certificacións parciais que se expidan, e as cantidades que se aboen ao Contratista, terán o carácter de pagos parciais co carácter de aboamentos a conta, que non suporán en forma algunha aprobación e recepción das obras que comprenden, a resultas da certificación final das obras executadas.

Previamente ao aboamento das certificacións o Adxudicatario deberá presentar a regulamentaria factura a través do Rexistro Xeral do Concello.

SEGURIDADE E SAÚDE.

En aplicación do estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, do estudo básico, segundo proceda, de acordo co establecido no artigo 4 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o Contratista elaborará un plan de seguridade e saúde no traballo no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas no estudo ou estudo básico, en función do seu propio sistema de execución da obra.

No prazo de cinco hábiles contados a partir da data de notificación da adxudicación o contratista presentará ao órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco días hábiles sobre a procedencia da súa aprobación.

O Plan de seguridade e saúde deberá ser aprobado polo Concello de Vigo, antes do inicio da obra, co correspondente informe do Coordinador ratificado polo Director Facultativo.

En todo caso o contratista estará obrigado á observancia da lexislación vixente en materia de prevención de riscos laborais nas obras de construción.

XESTIÓN DE RESIDUOS.

En aplicación do estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co establecido no artigo 5 do R.D. 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se establecen as obrigas do posuidor de residuos de construción e demolición, o Contratista elaborará un plan de xestión de residuos no que se reflexen como se levarán a cabo as obrigas que lle incumban en relación cos residuos de construción e demolición que se produzan na obra.

O plan de xestión de residuos deberá ser aprobado polo Director facultativo e aceptado polo Órgano de Contratación, antes do inicio da obra.

En canto aos prazos para presentación e aprobación do plan de xestión de residuos serán os mesmos que para o plan de seguridade e saúde.

En todo caso o contratista estará obrigado á observancia da lexislación vixente en materia de produción e xestión de residuos de construción e demolición nas obras.

5.DIRECCIÓN DAS OBRAS.

INTERPRETACIÓN DO PROXECTO.

Corresponde ó Director Facultativo a interpretación técnica do proxecto e a facultade de ditar as ordes para o seu desenvolvemento.

O Director Facultativo, efectuará a inspección, comprobación e vixilancia para a correcta realización da obra executada, axustándose ao disposto nas cláusulas 4 e 21 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a Contratación de Obras do Estado.

Para o desenvolvemento das súas funcións poderá contar con colaboradores a súas ordes, que desenvolverán a súa labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou de seus coñecementos específicos e que integrarán a «Dirección Facultativa».

Durante o curso das obras realizaranse os replanteos parciais que a Dirección facultativa estime convintes. De todos eles levantarase acta por cuaduplicado exemplar cos planos correspondentes. Os gastos de material e persoal que ocasionen os replanteos serán por conta do Contratista.

Será misión exclusiva do Director Facultativo a comprobación da realización das obras, segundo o proxecto, así como as súas instrucións no curso da execución das mesmas.

O Contratista gardará e fará gardar as consideracións debidas ao persoal da Dirección Facultativa, que terá libre acceso a todos os puntos de traballo e almacéns de materiais destinados ás obras para o seu previo recoñecemento.

A Dirección Facultativa poderá ordear a apertura de calas cando sospeite a existencia de vicios ocultos de construción ou haberse empregado materiais de calidade deficiente. Os gastos derivados do recoñecemento serán de conta do Contratista sempre que se houberan aterrado as obras sen a previa supervisión e autorización da Dirección Facultativa. Se a Dirección Facultativa houbese autorizado o seu aterramento, de confirmarse deficiencias serán de conta do contratista os gastos de recoñecemento e subsanacións, en caso contrario a Dirección facultativa certificará a indemnización que corresponde á execución e reparación das calas, valoradas aos prezos unitarios do orzamento de adxudicación.

A dirección facultativa poderá ordenar, con carácter de urxencia, a execución dos traballos necesarios nos casos de perigo inminente ou de obstáculos imprevistos. O Contratista deberá executar tales traballos sen prexuízo de que a dirección das obras promova con posterioridade o regulamentario expediente para a habilitación de crédito adicional.

Durante a execución do contrato, o adxudicatario asumirá as súas responsabilidades inherentes á execución dos traballos e ao control e vixilancia de materiais e obras que execute conforme ás instrucións, de obrigado cumprimento, dadas pola Dirección facultativa.

ENSAIOS E ANÁLISIS DOS MATERIAIS E UNIDADES DE OBRA.

A Dirección facultativa pode ordear que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que resulten pertinentes.



Expte. 73136/250

A mesma Dirección facultativa fixará o número, forma e dimensións e demais características que deben reunir as mostras e probetas para ensaio e análise, caso de que non exista disposición xeral ao efecto, nin estableza tales datos o PPTPP.

Vigo, 13 de febreiro de 2015
O Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras

Agustín Rodríguez Carballo